

LECTURA DE SOCIAIS (8-12 XUÑO)

A CHUVIA HORIZONTAL

Coñeces as illas Canarias? Nelas o clima é cálido e chove pouco. Non obstante iso non impide que nalgunhas illas haxa bosques moi frondosos, propios de zonas húmidas. Isto sucede grazas á chuvia horizontal.

En Canarias, o vento alisio trae a humidade do mar en forma de nubes baixas e planas que cobren os vales e as chairas. Este “mar de nubes” choca coas montañas e a auga que traen as nubes deposítase nas follas das árbores, as pedras e o musgo en forma de pequenas gotiñas. Este fenómeno coñécese como a chuvia horizontal.

Unha vez que chega ao chan, a auga da chuvia horizontal forma regatos, que permiten o crecemento de moitas plantas e árbores. Por esta razón, aínda que nas illas Canarias apenas chove, nalgunhas zonas existen verdadeiros bosques tropicais, húmidos e frondosos.

1.- Que tres fenómenos atmosféricos se mencionan no texto? Une para formar os seus nomes.

chuvia	alisio
vento	de nubes
mar	horizontal

2.- Agora escribe cada nome xunto ao elemento con que está relacionado.

COA AUGA →

CO AIRE →

A AUGA. O CICLO DA AUGA (8-12 XUÑO)

Visualiza el vídeo : El ciclo del agua. Los estados del agua. Aprende con Dani. (Happy Learning Español)

1.- Numera para ordenar o ciclo da auga.

..... A auga da neve e a chuvia é recollida polos ríos e chega ao mar.

..... No ceo, o vapor de auga arrefrúa e transfórmase en gotiñas que forman as nubes.

..... O sol quenta a auga do mar e dos ríos, esta evapórase e pasa a formar parte do aire.

..... A auga das nubes cae á terra en forma de chuvia, de neve ou de sarabia.

2.-En que estado está a auga? Escribe sólido, líquido ou gasoso.

O vapor que sae dunha cafeteira

A auga que bebes nun vaso

Un boneco de neve

3.- Que tipo de auga podemos beber? Auga doce ou auga salgada.

.....